

Centenario da Alianza Mariñeira 1914-2014

Breve referencia histórica

"*La Alianza Marinera*" creouse en Cangas en 1914. O seu primeiro presidente foi Lorenzo Corbacho Rodal, canteiro socialista. Definiuse como sindical e política, chegando a ser de vital importancia.

Desde 1913 as motoras de Cangas atrévense a ir pescar a sardiña as costas portuguesas, especialmente dende que termina a ceifa en Galicia, é dicir, de setembro a abril. Neste contexto de incremento das pescas nace a Alianza.

As primeiras accións da Alianza Mariñeira foron regular as contratacións e o traballo a bordo. Ós armadores non se lle permitía contratar mariñeiros que non estivesen asociados á Alianza, os barcos tiñan que levar un delegado da Alianza, que tiña a misión fundamental de controlar as contas e facer respectar a regulamentación do traballo a bordo e as instrucións da Alianza. As negociacións das Bases de Traballo (o convenio colectivo para os tripulantes das motoras de Cangas, que andaban principalmente á sardiña -á ardora- nas costas galegas e portuguesas) ocupan os principais esforzos da Alianza, especialmente nos anos 1914 a 1916, 1919 e 1931 a 1933,

Desde 1915 a Alianza cataliza unha batalla frontal ó caciquismo, que culmina en 1917, no dobre éxito da folga xeral e do triunfo nas eleccións municipais, anque respecto destas últimas o caciquismo conseguirá manipular os resultados para impedir o acceso ó poder municipal dos candidatos da Alianza e das forzas democráticas ata 1920, con cinco anos de forcexeos. Estes esforzos de democratización levan a anos de inestabilidade municipal e de eleccións repetidas que terminan coa elección do alcalde proposto pola Alianza. Dende as eleccións de febreiro de 1920, xa quedaba claro que en condicións democráticas, sería a Alianza quen poría alcalde en Cangas.

Nos períodos de plenitude ten entre 1500 e 2000 socios de alta, e nos de baixa actividade, descende ata quedar practicamente sen socios cotizantes.

Durante un deses períodos de decaemento, en 1922 a Sociedade pasaba por malos momentos, na noite do 5 ó 6 de febreiro o local foi incendiado; pero os mariñeiros superaron o duro suceso mercando un solar, no que logo cos sindicatos construírían unha casa que se terminou de facer a últimos do 1924.

Esa construción sería chamada a "Casa do Pobo", o foro asembleario dos obreiros e mariñeiros, e cando se chegan a organizar -a partir de 1935- tamén das redeiras e fabricantas.

En setembro do 1931 a Alianza federase na CNT e sepárase da UXT. A finais de outubro do 1931 a Alianza Mariñeira participa no Congreso de Constitución da "Federación Nacional do Sindicato de Industrias Pesqueras (CNT)".

En toda a historia da Alianza Marinera poucas veces foi clausurada. Unha delas foi en outubro de 1934 e ata xaneiro de 1935, arbitrariamente, sen ningún fundamento legal, pois a dereita instalada no goberno da república nese momento exerceu unha feroz represión contra os obreiros organizados que non se parou en ningunha consideración legal, e obedecía principalmente ó seu afán de vinganza. No 1936 a Alianza Mariñeira participará no Congreso da CNT en Zaragoza.

A creación da Alianza Mariñeira representa unha transformación moi radical tanto social como politicamente en Cangas. Dende a súa fundación ata a clausura, os mariñeiros teñen un apreciable control social e político e foron quen de conseguir moitas melloras sociais para a colectividade mariñeira.

A Alianza Mariñeira, tivo moito que loitar contra os abusos por parte dos armadores, conserveiros e de outros estamentos sociais; os mariñeiros tiveron que loitar e sacrificarse nuns anos que foron socialmente intensos na historia de Cangas, unha loita dura pero necesaria e fructífera.

Acaso foi demasiado breve a súa historia; rematou cun final trágico a finais de xullo de 1936, liquidada polo goberno nacional-católico que “*silenciou o mar*”, clausurando e incautando o patrimonio da sociedade, incendiando a biblioteca e reprimindo e asasinando ós seus dirixentes.



Reunión de directivos do Sindicato de Industrias Pesqueiras (CNT) e presidentes das sociedades mariñeiras no local da CRG na Coruña. Sentados de esquerda a dereita: Manuel Fandiño, José Villaverde, Manuel Montes e Manuel Nores Sotelo (Presidente da Alianza Mariñeira de Cangas)

Foto dos fondos de Voces e Nomes da familia Villaverde Otero

Asociación de Memoria Histórica 28 de agosto

Cangas 05/07/2014